



Published on *CEIP López Ferreiro* (<https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro>)

[Inicio](#) > Presentación da versión galega do primeiro dicionario de medicina ilustrado

# Presentación da versión galega do primeiro dicionario de medicina ilustrado

Enviado por [admin](#) [1] o Lun, 11/25/2024 - 10:15

[Curso 24\\_25](#) [2] [Potenciación do uso da lingua galega](#) [3]

O venres tivo lugar na Aula Castelao da Facultade de Medicina a presentación da **versión galega** de **DIXIMED** [4]. [4] *Primeiro dicionario de medicina ilustrado*.

Trátase dun **dicionario en liña** [4] dirixido a nenas e nenos de entre 6 e 12 anos, que pretende explicarlles, nunha linguaxe adaptada a eles, o significado das palabras que se empregan con máis frecuencia para falar da súa saúde e das enfermidades que adoitan padecer.

Esta versión galega foi elaborada polo **Servizo de Normalización Lingüística da USC**, coa colaboración do alumnado dos últimos cursos do **CEIP López Ferreiro**, que lle puxo voz ás definicións que contén a obra.

Na presentación desta iniciativa, que xa recibiu varios galardóns, faláron **Rosa Estopà**, coordinadora do proxecto e profesora do Departamento de Tradución e Ciencias da Linguaxe da Universidade Pompeu Fabra de Barcelona, Xusto Rodríguez do Servizo de Normalización Lingüística da USC e Pilar Murias, vicerreitora de estudantes e cultura da universidade compostelá.

O noso actual alumnado de 6º de Primaria e os nenos e nenas de 1º da ESO dos **IES Xelmírez I** e **Xelmírez II** (antigo alumnado do centro o curso pasado), participou na lectura de termos e na resolución xogos interactivos, atopando a definición correcta.

Foi unha xornada festiva, na que se puxo en valor a importancia de achegar unha iniciativa coma esta ao mundo da sanidade e para un público destas idades.



Feito con **Drupal (ver. 6.28)**



Proxecto **Webs dinámicas**

Xunta de Galicia - Consellería de Educación, 2013

Source URL: <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/node/632>

## Links:

[1] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/user/2>

[2] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/89>

[3] <https://www.edu.xunta.gal/centros/ceiplopezferreiro/taxonomy/term/76>

[4] <https://www.diccionaridemedicina.app/web/gl/>